

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201700003826
02/03/17 14:04:03

RESOLUCIÓN REITORAL DO 2 DE MARZO DE 2017 POLA QUE SE FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA DUNHA BOLSA PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO ÁMBITO DA IGUALDADE DE XÉNERO PARA O ANO 2017

A Universidade de Vigo, de acordo co establecido no artigo 105 dos seus Estatutos, poderá ofrecer ao seu estudiantado unhas bolsas de colaboración nos servizos de asistencia á comunidade universitaria como programas complementarios de axudas para cubrir as necesidades non atendidas ou insuficientemente atendidas polas administracións públicas.

Por isto, estímase conveniente a tramitación dun expediente para a convocatoria de bolsas, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. A finalidade é a de fomentar unha mellor formación do alumnado a través do servizo que poida prestar á comunidade universitaria, colaborando en labores que se axusten a determinadas áreas de traballo definidas nesta convocatoria, en réxime de compatibilidade cos seus estudos e iniciándose así en tarefas vinculadas a estes.

Ante a necesidade de seguir realizando actividades de formación para o estudiantado nos centros da Universidade de Vigo e na Unidade de Igualdade dependente da Reitoría e en virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta Universidade, esta Reitoría RESOLVE:

1. Anunciar a convocatoria dunha bolsa para a formación complementaria do alumnado da Universidade de Vigo no ámbito da igualdade de xénero.
2. Ordenar a publicación da convocatoria no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo e na páxina web <http://bolsas.uvigo.es/>.

As bolsas solicitaranse no modelo oficial ata o 17 de marzo de 2017.

A solicitude presentárase xunto coa documentación esixida no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera outro dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 2 de marzo de 2017
O reitor

Salustiano Mato de la Iglesia



Dilixencia para facer constar que esta resolución publícase nos taboleiros de anuncios do Registro Xeral da Universidade de Vigo, con data de 2 de marzo de 2017

O xefe da Área de Bolsas

Francisco Naraza Dafonte

BASES DA CONVOCATORIA DUNHA BOLSA PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO ÁMBITO DA IGUALDADE DE XÉNERO PARA O ANO 2017.

I. OBXECTO

O obxecto da bolsa é a formación complementaria do estudantado da Universidade de Vigo no ámbito da igualdade de xénero.

II. PERSOAS DESTINATARIAS

A bolsa está destinada ao estudantado da Universidade de Vigo de calquera ámbito que estea matriculado no curso académico 2016/17 e 2017/18 realizando estudos oficiais de máster ou de doutoramento.

III. CARACTERÍSTICAS DA BOLSA:

Os perfís das persoas candidatas deberán atender á perspectiva de xénero en toda a actividade universitaria, que enmarcarán o ámbito de formación no que se desenvolverá a bolsa:

- Educar e sensibilizar en materia de xénero para a creación de contornas de igualdade.
- Iniciarse na elaboración de estudos e dos informes que analicen as causas de discriminacións baseadas no xénero.
- Colaborar na actualización e creación das bases de datos con recursos en xénero e feministas.
- Colaborar na organización de encontros académicos e científicos para a promoción da perspectiva de xénero.
- Iniciarse no deseño de campañas de prevención de situacións de acoso sexual ou por razón de sexo.
- Fomentar a perspectiva de xénero na docencia e na investigación universitaria.
- Colaborar no mantemento dos contidos da páxina web da Unidade de Igualdade.
- Prospección e compilación de ferramentas con perspectiva de xénero.
- Educar e sensibilizar para a non discriminación das persoas de identidades sexuais non normativas.
- Colaborar no desenvolvemento e no seguimento das accións do plan de igualdade.

IV. INCOMPATIBILIDADES

O goce das bolsas de formación complementaria é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego.

O goce destas bolsas será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria ou de colaboración convocada pola Universidade de Vigo.

Ademais, o estudantado non poderá gozar de ningunha bolsa co mesmo obxecto, "formación complementaria ou colaboración de estudantes da Universidade de Vigo", por un período igual ou

superior a **vinte meses**, de forma consecutiva ou descontinua. Este límite terase en conta no momento de avaliación dos méritos. O cómputo do tempo como bolseira/o de formación, farase por meses completos. Se a bolsa comeza antes do día 15 ou finaliza despois, incluído este, computarase como un mes enteiro para o cálculo do límite de **vinte meses**.

No caso de que a bolseira ou bolseiro goce dalgunha bolsa distinta ás axudas ao estudo convocadas polo MECED, deberá solicitar á Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais a súa compatibilidade. En caso contrario, poderá ser causa de anulación da condición de persoa bolseira ao que se refire esta normativa.

V. DURACIÓN

A duración máxima da bolsa será de 12 meses. A data estimada de inicio será a partir do 1 de maio de 2017 e rematando o 31 de maio de 2018 (non se inclúe o mes de agosto).

O número máximo de horas de colaboración de cada unha das bolsas será de 20 horas semanais. Realizaranse no Campus de Vigo, tendo en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico. Excepcionalmente, tras a oportuna xustificación, poderase establecer outra dedicación sempre que non exceda do 50% do tempo íntegro que constitúe o curso académico, de acordo co artigo 5 do R.D. 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado universitario.

VI. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A dotación económica bruta da bolsa será dun máximo de 7.200,00€ (600,00€ brutos/mes) e estará suxeita a retención do I.R.P.F. e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza a normativa vixente nestas materias.

Os fondos destinados a esta acción irán a cargo da seguinte aplicación orzamentaria:

- **2017 0000 421XEN 482.11:** o importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 4.466,42€ (4.200,00€ pola dotación bruta das bolsas e de 266,42€ en concepto de cota patronal).
- **2018 0000 421XEN 482.11:** o importe do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 3.190,30€ (3.000,00€ pola dotación bruta das bolsas e de 190,30€ en concepto de cota patronal).

O pagamento farase por períodos mensuais vencidos nos primeiros sete días. Retribuiranse as horas realizadas nese período segundo o establecido nesta convocatoria (máximo 20 horas semanais). Para facelo efectivo, a persoa beneficiaria da bolsa debe estar ao corrente coa Universidade nos seus pagos de matrícula.

Se a actividade a desenvolver en cada mes non se adecúa ás condicións fixadas nesta convocatoria e para poder adecuar o pago á actividade real realizada, quen coordine emitirá un informe no que fará constar a actividade realizada nese período e achegaráo á Área de Bolsas antes do día 25 do mes en curso. Este informe pode ser tido en conta en futuras convocatorias.

VII. ORGANIZACIÓN

A persoa á que se lle conceda á bolsa estará baixo a responsabilidade de quen coordina esta actividade que será a directora da Unidade de Igualdade.

O tempo de dedicación estará comprendido entre un mínimo de 10 e un máximo de 20 horas semanais, tendo en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico.

A dedicación de cada bolseiro e bolseira debe adecuarse á súa carga lectiva. Poderá solicitarlle á directora da Unidade de Igualdade un horario axeitado, o cal poderá, excepcionalmente, distribuír e compensar ata un máximo do 20% das horas de dedicación dun mes entre as distintas semanas dentro do mesmo mes.

VIII. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTOS

As bolsas solicitaranse no modelo oficial (véxase o anexo II) dende o día seguinte á publicación desta convocatoria e ata o **día 17 de marzo de 2017**.

A solicitude presentarase xunto coa documentación esixida no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Xunto coa solicitude, as persoas solicitantes, deben presentar os seguintes documentos:

- O **currículo**, indicando os cursos de formación realizados que considere de interese para o desenvolvemento da bolsa xunto coas **copias dos documentos acreditativos** dos mesmos e das horas correspondentes. (A Comisión de Valoración poderá requirir os documentos orixinais se o considera oportuno).
- Os **programas** daquelas **materias** que teñan **contidos en estudos de xénero** e que se poidan ter en conta para a valoración do expediente vinculado.
- A certificación académica oficial dos estudos realizados fóra da Universidade de Vigo.
- O xustificante de estar en posesión de bolsas distintas ás de axuda ao estudo; de ser o caso.
- A **declaración co compromiso de matrícula** para o curso 2017/2018.
- A fotocopia do NIF, NIE ou pasaporte en vigor.
- A **ficha persoal de pagamentos** debidamente asinada pola entidade bancaria (ver o anexo II).

Ás persoas solicitantes tamén se lles poderán requirir que acheguen aqueloutros documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para o outorgamento da axuda.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo.

A persoa solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa e académica do seu expediente; a oferta e a prestación de servizos universitarios; a realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliacións e enquisas; o seguimento dos servizos universitarios prestados; así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e a prácticas en empresas.

O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo no seguinte enderezo: Edificio de Xerencia-Servizos Centrais, campus universitario, s/n 36310 Vigo (Pontevedra),

de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

IX. SELECCIÓN

Unha vez recibidas as solicitudes, a Área de Bolsas, comprobará que cumpren os requisitos básicos da convocatoria e publicará a **listaxe de persoas admitidas e excluídas provisional**. Así mesmo, indicará os motivos de exclusión e daralles un prazo de cinco días hábiles para emendar os erros e achegar a documentación requirida, advertíndoselles que, no caso de non facelo, se lles dará por desistidas neste proceso.

Emendados os erros, a Área de Bolsas elaborará e publicará a **listaxe de persoas admitidas e excluídas definitiva**, indicando o motivo de exclusión de ser o caso. Ao mesmo tempo, achegará á Comisión de Valoración as solicitudes e a documentación a través do correo electrónico.

A Comisión de Valoración será o órgano encargado de valorar as solicitudes. Estará formada polos seguintes membros:

- A directora da Unidade de Igualdade, dona Ana Isabel González Penín; será a presidenta.
- A investigadora en xénero e membro do Tribunal de Garantías, dona Coral del Río Otero; será a vocal
- O membro da Comisión de Igualdade, don Xosé Manuel Buxán Bran; será o secretario.

Esta Comisión valorará as candidaturas tendo en conta os seguintes **criterios e baremos**:

Tipo bolsa	Nota do expediente	Expediente vinculado	Formación en xénero	Outros méritos
Ámbito de Igualdade de Xénero	30%	30%	30%	10%

Os criterios específicos de valoración que aplicará a Comisión de Valoración serán os seguintes:

Para o cálculo do expediente vinculado, teranse en conta as materias superadas pola alumna ou alumno que teñan unha vinculación acreditada directa co ámbito da igualdade de xénero.

Cada unha destas materias multiplicarase pola cualificación obtida polo alumnado, así como polo número de créditos que teña a mesma. O resultado desta operación dividirase polo número total dos créditos vinculados. Por último, a esta operación sumaráse un coeficiente corrector de 0,05 por cada unha das materias superadas.

$$\text{Nota media exp.vinculado.} = \frac{\sum (\text{Cualificación} \times \text{N}^\circ \text{ créditos/materia})}{\text{N}^\circ \text{ créditos totais vinculados}} + 0,05 \times \text{materias superadas}$$

A puntuación total será a suma dos catro apartados anteriores.

Rematado o proceso de selección pola Comisión, a Área de Bolsas publicará a **resolución provisional** das persoas seleccionadas e das excluídas xunto cos seus motivos. As persoas interesadas, disporán dun prazo de cinco días hábiles, que contarán dende o día seguinte a publicación, para presentar as alegacións que consideren.

Revisadas as alegacións pola Comisión e remitidos os acordos correspondentes, a Área de Bolsas elaborará e publicará a **resolución definitiva das bolsas concedidas e a listaxe de agarda** por orde de maior a menor puntuación que se usará para cubrir as posibles renuncias que se poidan producir.

X. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas bolseiras propostas presentaranse ante a directora da Unidade de Igualdade no día, no lugar e na hora indicados na resolución definitiva. Transcorrido este prazo, entenderase que a persoa que non se presente renuncia aos beneficios da bolsa e o seu posto será ocupado por outra persoa atendendo á listaxe de agarda.

A renuncia voluntaria á bolsa farase por escrito e comunicarse á persoa coordinadora con 20 días de antelación. A renuncia sen causa xustificada penalizará e impedirlle o acceso a outra bolsa co mesmo obxecto durante un período de 12 meses. O reitor será a persoa encargada de avaliar as causas alegadas.

XI. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas que se benefician destas bolsas teñen as seguintes obrigas:

- Colaborar no ámbito da igualdade de xénero, así como completar o seu plan formativo.
- Estar matriculadas na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa (cursos académicos 2016/17 e 2017/18).
- Solicitar a compatibilidade coa bolsa. Só no caso de que o alumnado teña concedida unha bolsa distinta ás axudas ao estudo convocadas polo MECD.
- Comunicar calquera variación na súa situación persoal e/ou laboral.

XII. REVOGACIÓN DAS AXUDAS

A concesión das bolsas e a permanencia na listaxe de agarda será revogada polos seguintes motivos:

- O incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria no punto XI.
- A ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información solicitada.
- Incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas no punto IV da convocatoria.
- A emisión dun informe desfavorable da directora da Unidade de Igualdade por incumprir o desenvolvemento propio do obxecto da bolsa, previa tramitación dun expediente contradictorio.

A revogación suporá, de ser o caso, o reintegro das cantidades incorrectamente aboadas.

XIII. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Todas as dúbidas que poidan xurdir na interpretación destas normas serán resoltas polo reitor da Universidade de Vigo.

Calquera reclamación ou queixa farase chegar ao reitor a través da persoa coordinadora.

O goce da bolsa suporá a aceptación do previsto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación. (publicado no BOE do 27 de outubro, respecto á alta na Seguridade Social).

Os bolseiros e as bolseiras non adquiren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo. A concesión da bolsa non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación das persoas interesadas aos cadros de persoal da Universidade.

En todo o non previsto nesta convocatoria, aplicaranse as normas estatais e autonómicas vixentes en materia de subvencións (Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais disposicións aplicables)

ANEXO I Impreso de solicitude

CONVOCATORIA DUNHA BOLSA PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO ÁMBITO DA IGUALDADE DE XÉNERO Reitoría

Convocatoria dunha bolsa no ámbito da igualdade de xénero

APELIDOS:				NOME:			
DNI		ENDEREZO POSTAL:			SEXO:		
C. POSTAL:		LOCALIDADE:		PROVINCIA:			
CORREO ELECTRÓNICO:				TELÉFONO MÓBIL:			
TELÉFONO FIXO:			MATRICULADA/O EN:				

Nota: Co fin de facilitar a comunicación de xeito persoal, é indispensable escribir o teléfono móbil ou enderezo de correo electrónico en letras maiúsculas.

II – DOCUMENTACIÓN ENTREGADA

1. Currículo relacionado co obxecto da convocatoria ☐
- 2.- Certificación académica oficial dos estudos realizados fóra da Universidade de Vigo..... ☐
- 3.- Documentos acreditativos dos cursos de formación relacionados coa convocatoria ☐
- 4.- Xustificante/s de estar en posesión de bolsas distintas ás de axuda ao estudo ☐
- 5.- Ficha persoal de pagamentos (anexo II). ☐
- 6.- Declaración de compromiso de matrícula para o curso 17/18..... ☐
- 7.- Fotocopia do NIF, NIE ou pasaporte en vigor ☐
8. Programas daquelas materias que teñan contidos en estudos de xénero e se poidan ter en conta..... ☐
para a valoración como expediente vinculado.

DECLARACIÓN XURADA

Don/Dona, con DNI,DECLARA: que todos os datos que manifestan neste escrito son verdadeiros; que se compromete a achegar os documentos que así o acrediten; e que entende e coñece todos os termos da convocatoria, en particular, onde se expresa que a ocultación ou falsidade de documentos leva aparelada a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.

Vigo, dede 2017

Sinatura

SECCIÓN DE BOLSAS

